

EXERCICIOS DE REPASO

1. Crees que a superficie da Terra estivo sempre formada polos mesmos continentes? Razona a túa resposta.

Non, a superficie continental que forma a Terra cambiou ao longo da historia, os continentes estiveron unidos, ese supercontinente ao que chamamos Panxea foise separando ata dar lugar aos continentes actuais. Podemos inxerir esta resposta grazas as probas aportadas na teoría da deriva continental e a teoría da tectónica de placas.

2. Por que hai zonas do noso planeta nas que os terremotos son máis frecuentes?

Porque a superficie da Terra formada pola codia, non é continua, senón que está dividida en fragmentos chamados placas que se moven, as zonas que se atopan nos límites de placas son máis inestables e poden sufrir terremotos pola interacción que se da entre éstas.

3. Por que crees que se forman os volcáns?

Os volcáns prodúcense en zonas limítrofes de placas, xa que nos movementos destas prodúcese un gran rozamento que fai que se fundan os materiais, producindo magma que pode saír ao exterior a través de gretas ou fisuras.

4. Existe algunha relación entre os volcáns e os terremotos? Razona a túa resposta.

A relación dedúcese das dúas respostas anteriores, as zonas con maior risco de que se produzan terremotos e volcáns son as que se atopan nos límites de placas.

5. A costa oeste de África e a costa este de Sudamérica encaixan como as pezas dun quebracabezas. A que se debe isto?

Segundo as probas aportadas na teoría da deriva continental e seguindo a hipótese do movemento das placas tectónicas, suponse que estes continentes estiveron unidos formando parte de Panxea.

6. Imaxínaste que os fondos oceánicos son grandes chairas ou que existen tamén elevacións e depresións? Razona a túa resposta.

Posúe grandes elevacións e depresións, as máximas elevacións atópanse nos océanos e á súa vez existen fosas moi profundas como as das Marianas que chega a ter 11 000 Km de profundidade. Sabendo a existencia das placas tectónicas e os accidentes asociados os seus bordos podemos deducir que existan estas grandes cordilleiras e fosas

7. Cales son as causas dos procesos xeolóxicos internos?

As causas dos procesos xeolóxicos internos son as altas presións e temperaturas que existen no interior da Terra.

8. Cita catro fenómenos xeolóxicos que son consecuencia dos procesos xeolóxicos internos.

Os fenómenos xeolóxicos son os: volcáns, terremotos, movemento dos continentes, orixe de cordilleiras e dorsais, formación dalgúns tipos de rochas e deformacións destas.

9. Que é Panxea? Canto fai que existiu? A que deu lugar?

O supercontinente que agrupaba todos os continentes actuais fai 200 millóns de anos. Tralos movementos de placas tectónicas deu lugar a distribución dos continentes que coñecemos hoxe en día

10. Quen foi Alfred Wegener? En que consistiu a súa teoría?

Alfred Wegener foi un meteorólogo alemán, que en 1912 suxeriu que todos os continentes nalgún momento da historia da Terra debían estar unidos, formando un supercontinente ao que chamou "Panxea", que se fragmentou dando lugar aos continentes actuais. Chamou a esta teoría a "Teoría da deriva continental".

11. Que tipo de probas son as seguintes? Explica o porqué

A - A distribución de fósiles de crocodilo do cretácico inferior exténdese por varias zonas de Asia, Sudamérica e África. Os crocodilos non emigran a través da auga salgada. – Probas paleontolóxicas

B - As montañas Zwartén de Sudamérica coinciden perfectamente en canto ao seu contido sedimentario con montañas do sur de Bos Aires. – Probas xeolóxicas

C - A aparición de indicios de antigos glaciares na India. – Probas paleoclimáticas

D - O *Glossopteris* é un fento fósil que podía acadar dez metros de altura e aparece preto dos glaciares en África, Sudamérica e Australia. – Probas paleontolóxicas e paleoclimáticas

E - A existencia de xacementos de carbón en Centro Europa, tendo en conta que o carbón fórmase en zonas chuviosas e cálidas. – Probas paleoclimáticas

12. É correcto afirmar que a litosfera correspóndese coa codia terrestre e a astenosfera co manto? Razo a túa resposta.


Esta afirmación non é correcta, xa que a litosfera inclúe a codia e unha pequena porción do manto e a astenosfera estaría por debaixo da litosfera, polo que correspondería a outro fragmento do manto.

13. Enuncia a teoría da tectónica de placas.

A Teoría da Tectónica de Placas afirma que a litosfera non é continua senón que está dividida en grandes bloques que encaixan como pezas dun crebacabezas e flotan sobre unha capa máis densa de materiais fundidos que chamamos astenosfera.

14. Que son as correntes de convección? En que partes do interior terrestre as podemos atopar? Ensínoo axudándote dun debuxo.

As correntes de convección son subidas e baixadas dun fluído, debido á existencia de diferentes temperaturas, os fluídos máis quentes son menos densos e tenden a ascender, pola contra, os fluídos máis fríos son máis densos e tenden a descender, polo que se establecen movementos cíclicos aos que chamamos "correntes de convección". Podemos atopar estas correntes de convección na mesosfera e astenosfera, estas correntes de convección teñen a súa orixe no Nivel D" e tamén podemos topar correntes de convección no núcleo externo.



15. Como se producen as correntes de convección? Que orixinan?

Orixínanse debido á existencia de diferentes temperaturas, os fluídos máis quentes son menos densos e tenden a ascender, pola contra, os fluídos máis fríos son máis densos e tenden a descender, polo que se establecen movementos cíclicos aos que chamamos "correntes de convección". As correntes de convección da mesosfera e astenosfera, que teñen a súa orixe no Nivel D" provocan o movemento das placas tectónicas. As correntes de convección do núcleo externo, son responsables do campo magnético terrestre

16. As placas tectónicas coinciden cos continentes? Razona a resposta.


Las placas no se corresponden con los continentes, la mayoría son mixtas comprenden una parte continental y otra oceánica.

17. Indica en que placa ou placas atópase España.

España atópase na placa Euroasiática

18. Debuxa os tipos de límites que hai entre placas e os seus relevos asociados.

LÍMITES CONVERXENTES OU DESTRUTIVOS



Unha placa oceánica e outra continental orixínanse fosas oceánicas e cordilleiras continentais.





Dúas placas oceánicas orixínanse fosas oceánicas, arcos insulares e cuncas marxinais.





Dúas placas continentais orixínanse cordilleiras intracontinentais.

LÍMITES TRANSFORMANTES OU CONSERVADORES



Falla de Santo André

LÍMITES DIVERXENTES OU CONSTRUTIVOS



Novo solo oceánico